

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística do día 26 de outubro de 2018

3801-05-OE05 Enquisa a empresas multilocalizadas

PROXECTO TÉCNICO

1. Xustificación

A tendencia á multilocalización da actividade produtiva das empresas é unha realidade que implica a unha parte importante e crecente da economía. Así, no ano 2013, o 16 % do emprego e o 26 % da cifra de negocio da actividade en Galicia tiña lugar en establecementos de empresas coa sede noutras Comunidades Autónomas; estas porcentaxes acadaban o 27% do emprego e o 31% da cifra de negocio para as empresas con 10 ou mais ocupados¹

As estatísticas de multilocalización empresarial teñen un interese analítico en campos tan amplos da Economía como a unidade de mercado, a fiscalidade ou o propio esquema de organización autonómica e o seu financiamento. Dende a perspectiva do sistema estatístico de Galicia, a multilocalización ten implicacións directas na elaboración das diferentes estatísticas económicas, tanto estruturais como de síntese.

A tendencia á multilocalización da actividade xustifica unha metodoloxía para o seu estudio sistemático; certos cambios no marco teórico parecen avanzar neste obxectivo, como a asignación dun epígrafe específico ás sedes centrais na CNAE 2009 ou o recoñecemento explícito no SEC 2010 da necesidade de dispor de información económica relativa ás Unidades de Actividade Económica Local *UAEL*.

A distribución rexional da actividade está contemplada na "Estadística estrutural de empresas" que leva a cabo o INE. Esta enquisa anual, permite unha primeira aproximación á cuantificación do peso relativo na actividade rexional das empresas con sede fóra da rexión en estudo. Nesta liña enmárcanse os indicadores de Multilocalización Empresarial, elaborados e publicados polo IGE. Sen embargo, esta aproximación ven limitada polo carácter residual que a enquisa sinalada confiren ós aspectos relativos á multilocalización.

A importancia da multilocalización na actividade económica de Galicia aconsella dar un paso máis na configuración dunha base estatística específica relativa ás unidades multilocalizadas, na liña definida polo Sistema Europeo de Contas: "*O sistema de información da unidade institucional debe ser capaz de informar ou calcular, polo menos, o valor da produción, os consumos intermedios, a remuneración dos asalariados e o excedente de explotación, emprego e formación bruta de capital fixo de cada unidade de actividade económica local*

¹ Seccións B-C-D-E; G; H-I-J-L-M-N-S(p) da CNAE 2009. Fonte: IGE (2013): Estadística de multilocalización empresarial

(SEC-2010, 2.148). Avanzar na construción deste sistema de información é o obxectivo da operación estatística descrita neste Proxecto Técnico.

2. Obxectivos concretos da investigación

O obxectivo xeral desta operación estatística é coñecer qué parte da actividade produtiva das empresas de fóra de Galicia e con actividade en Galicia pode ser atribuída á nosa Comunidade Autónoma.

A información sobre a actividade produtiva queda sintetizada na conta de perdas e ganancias da empresa, de acceso público a través das contas depositadas nos Rexistros Mercantís, pero non está dispoñible para os diferentes establecementos das empresas multilocalizadas, polo que a través dunha enquisa pídese unha versión reducida da mesma coas variables que permitan unha estimación do valor engadido, o excedente de explotación, o emprego e a formación bruta de capital fixo. A información pode darse agrupada para os establecementos da empresa en Galicia, sempre que teñan a mesma actividade principal.

A información obtida ten unha dobre finalidade:

- difusión dos principais resultados na web do IGE
- apoio a outras operacións estatísticas relacionadas co Sistema de Contas Económicas de Galicia.

O cuestionario estrutúrase nos seguinte apartados:

- Información xeral sobre a empresa: Dirección do domicilio social, datos de contacto,...
- Información sobre o número de establecementos, emprego, actividades principais e as contas de perdas e ganancias para o conxunto da empresa.
- Datos de emprego e algunhas variables económicas da sede central se é un establecemento separado e non está en Galicia. A información solicitada permite analizar a relación económica da sede central co resto de establecementos de acordo co Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010).
- Datos de actividades principais, emprego e unhas contas de perdas e ganancias reducidas por establecementos en Galicia. Permítese agrupar a información de establecementos galegos que teñen a mesma actividade principal.
- Información para actualizar o directorio de establecementos do IGE. Pedirase segundo as necesidades de actualización. Solicítase información da dirección, emprego e actividade principal dos establecementos galegos da empresa.
- Poderase incluír en cada edición un módulo específico con información complementaria sobre a actividade das empresas multilocalizadas en Galicia. Módulos sobre : investimento, formación dos traballadores, etc.

Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O ámbito de estudo desta operación estatística fórmano as empresas con actividade en Galicia e con domicilio social fora da comunidade autónoma. Consideramos que unha empresa ten actividade en Galicia se conta con, polo menos, un establecemento no territorio da Comunidade Autónoma.

As empresas incluídas no ámbito de estudo desta operación detállanse no Anexo I.

Ámbito xeográfico

Territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito temporal

A enquisa deséñase con periodicidade anual, mais co fin de reducirllas a carga de traballo solicitado aos enquisados e por cuestións organizativas do propio IGE, poderase realizar a enquisa cada dous anos, solicitándolles, nese caso ás empresas, a información de dous exercicios económicos.

Bienalmente pregúntanselle ás empresas por un conxunto de variables económicas e de emprego representativas dun ano para o que xa tiveron que pechar a contabilidade e presentar as contas anuais ao organismo correspondente. Para aquelas empresas que o exercicio contable non coincide co ano natural pregúntaselles polo período do exercicio contable co fin de facilitarllas a resposta.

3. Contido do cuestionario

O cuestionario base (ver Anexo V) estrutúrase nos seguinte apartados:

- Identificación e información xeral sobre a empresa: domicilio social, contacto, actividade principal, número de establecementos, emprego
- Datos contables empresa: conta de perdas e ganancias para o conxunto da empresa (datos pregravados a partir das contas depositadas nos Rexistros Mercantís)

- Sede Central como establecemento diferenciado: emprego e variables económicas básicas da sede central no caso de contar con establecemento separado. A información solicitada permite analizar a relación económica da sede central co resto de establecementos de acordo co Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010)
- Establecementos en Galicia: Datos de actividades principais, emprego e principais datos económicos da actividade en Galicia. Permítese agrupar a información de establecementos galegos que teñen a mesma actividade principal.
- Distribución das vendas dos establecementos en Galicia: distribución por tipo de cliente e destino xeográfico.

Módulo de investimentos (Anexo VI): activos materiais e activos intangibles atribuídos ós establecementos da empresa en Galicia.

Definicións

- Empresa: unidade organizativa de produción de bens e servizos que desfruta de certa autonomía de decisión no emprego dos recursos correntes de que dispón. A empresa pode exercer unha ou mais actividades nun ou varios lugares ou establecementos
- Establecemento: empresa ou parte dunha empresa situada nun lugar delimitado topográficamente, no que se realizan unha ou varias actividades económicas ás que dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha empresa. Se polas propias características da actividade esta non se realiza nun lugar fixo, o establecemento é o lugar desde o que se organiza ou coordina tal actividade. Non se contabilizan como establecementos os almacéns e as sedes sociais ou os domicilios legais dos titulares das empresas no caso de que existan unicamente como soporte xurídico das actividades.
- Actividade principal: é a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos, intervindo o traballo, o capital e as materias primas. En xeral, as actividades económicas desenvolvidas por unha empresa ou establecemento poden ser de tres tipos: actividade principal, secundaria e auxiliares.

4. Deseño da mostra e unidades de análise

Unidades de análise

As unidades de mostraxe son as empresas con domicilio social fóra de Galicia e establecementos en Galicia. As unidades elementais son os establecementos en Galicia da empresa. A unidade informante pode ser a sede central naquelas empresas que dispoñen de toda a información centralizada. Nalgúns casos a información específica da empresa en Galicia está dispoñible nalgún establecemento galego con competencias en coordinación rexional. En calquera caso, a propia empresa determina quen é a unidade informante máis axeitada para responder.

O marco

O marco de mostraxe, utilizado tanto para o deseño da mostra como para o cálculo dos factores de elevación, está constituído polas empresas con actividade principal en Galicia que se atopan nas seccións detalladas no anexo II.

Deseño da mostra

A selección da mostra realízase mediante mostraxe estratificada, tomando como variables de estratificación o emprego e a actividade principal da empresa en Galicia (excluindo da mostra aos autónomos). A selección das unidades dentro de cada estrato faise por mostraxe aleatoria simple.

A actividade da empresa agrúpase en dúas categorías: a) Industria: Seccións B, C y E da CNAE-2009 e b) Servizos: Seccións G, H, I, J, L, M, N, P, Q, R e S.

O emprego da empresa en Galicia agrúpase en 4 estratos: a) de 1 a 9 empregados, b) de 10 a 49 empregados, c) de 50 a 99 empregados e d) de 100 ou máis empregados. Os estratos constrúense polo cruce das dúas variables, resultando un total de 8 estratos. Ademais, os dous estratos de 100 ou máis empregados son autorrepresentados, e dicir, todas as unidades do marco entran na mostra.

O tamaño da mostra fíxase empregando como variable auxiliar o emprego da empresa e garantindo que un estimador da media teña un erro relativo menor do 3% cun nivel de confianza do 5%. E que o mesmo estimador tanto para a Industria como para os Servizos teña

un erro relativo menor do 5%. Emprégase a afixación óptima, garantindo que os estratos teñen como mínimo 10 unidades.

A composición e o número das empresas multilocalizadas muda co paso do tempo. De ser o caso, podería estar xustificada modificar as categorías que definen os estratos respecto ao emprego. Esta modificación deberá xustificarse no apéndice correspondente. Esta operación estatística alimenta, á súa vez, outras operacións estatísticas de síntese no IGE. Aínda que, polo deseño, as principais empresas multilocalizadas en termos de emprego van ser enquisadas, podería faltar algunha empresa moi relevante para unha actividade concreta. Neste caso, esas empresas, enquisaríanse á marxe do resto de empresas e sen ter sido en conta nos estimadores das variables.

5. Recollida e tratamento de datos

Os traballos de recollida da información serán levados a cabo cos medios persoais do propio IGE. O envío dos cuestionarios e a recollida da información contida nos mesmos realízase segundo a elección da unidade informante: correo postal, Fax, correo electrónico ou internet. Na recollida mediante Internet é a propia empresa informante a que accede a unha aplicación informática vía Web e cubre o cuestionario directamente, o que supón un aforro de tempo xa que a información se recibe directamente no servidor do IGE.

A recollida e gravación da información levarase a cabo preferentemente no primeiro semestre do ano; a depuración e validación poderán prolongarse ao longo do segundo semestre. Nunha primeira fase remítese o cuestionario por correo ás unidades informantes xunto coa carta de presentación. A continuación, realízanse roldas de contactos telefónicos coas empresas nas que non se obtivo a resposta ou nas que se considera insuficiente ou dubidosa a recibida.

No proceso de recollida da información pódense presentar incidencias que impidan ou dificulten a obtención dos cuestionarios cubertos: negativas, pechadas, non localizadas... Para poder atender a determinadas incidencias sobre a mostra inicial, sen que se minore o tamaño de deseño da mostra, efectúanse substitucións. A selección de substitutas efectúase dentro do estrato correspondente á empresa substituída.

O procedemento de depuración e validación dos datos lévase a cabo nas seguintes fases: depuración manual, depuración informática e validación posterior da calidade. A depuración manual efectúase nada máis recibir os cuestionarios para verificar a súa correcta cobertura. Para o control e depuración automática da información a propia aplicación informática de gravación establece uns criterios de validación agrupados en erros e avisos. Os erros poñen de manifesto que nalgunha parte do cuestionario existe algún dato incorrecto, incoherente ou

inconsistente que é imprescindible corrixir. Pola contra, os avisos teñen como finalidade advertir que existen datos no cuestionario, cando menos “anormais”, e que deberán ser revisados e comprobados.

Despois da depuración efectúase unha primeira validación dos datos gravados mediante os seguintes controis de calidade: compróbase que todos os cuestionarios dados por definitivos cumpren con todas as regras de validación ou teñen a súa correspondentes xustificación; ii) revísanse as incidencias e se están debidamente acreditadas, e compróbase os cambios de actividade. A segunda validación dos datos, tamén chamada macrodepuración, consiste en analizar os resultados obtidos para determinadas variables e indicadores. En calquera dos casos anteriores, a regra xeral será verificar a información gravada, resolver os problemas coa información do cuestionario e, como recurso final, chamar ás empresas para a súa aclaración.

Os criterios de validación e depuración reducen a falta de resposta, tanto global ó conxunto do cuestionario como parcial a apartados específicos. Nos casos nos que non fora posible obter información procederase á súa imputación a partir doutros cuestionarios de características parellas ou de fontes complementarias de información. De quedar algunha poderíase imputar coa media ou coa mediana do estrato.

6. Estimacións, tabulación e plan de difusión dos resultados

Para estimar as diferentes variables, utilízanse estimadores de expansión, a partir dos tamaños poboacionais e da mostraxe en cada estrato de actividade-emprego, tomando como base o marco e a mostra seleccionada, previa introdución das correccións derivadas das incidencias observadas na fase de recollida da información, tales coma cambios de actividade, estrato de emprego ou peche.

A publicación dos resultados terá unha periodicidade bienal. A dispoñibilidade da información de base condiciona o calendario de difusión, cunhas previsións, a título orientativo, de publicar a información relativa ao exercicio contable do ano “n” no segundo semestre do ano “n+2”. Así, no segundo semestre de 2019 publicarase a información relativa a 2017.

A presentación dos resultados, en formato de táboa multidimensional, contempla unha agregación por sectores de actividade e tamaño da empresa e unha selección de variables e principais saldos: emprego, cifra de negocio, gastos de persoal, consumos intermedios, valor engadido e excedente bruto de explotación.

Anexos

Anexo I

Ámbito poboacional

Non son obxecto de estudo todas as actividades económicas.

En primeiro lugar, clasifícanse as empresas en función da súa actividade principal en Galicia e en función desa actividade determínase se é obxecto de estudo ou non.

En concreto non se estudan as empresas do denominado sector primario, sección A da CNAE 2009 dedicado á "Agricultura, gandería, silvicultura e pesca", nin da construción, sección F. Na industria estúdanse todas as empresas salvo as clasificadas na sección D. "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado".

Entre as empresas con actividade principal en Galicia nos Servizos estúdanse todas salvo as pertencentes a 4 seccións da CNAE-2009: K. "Actividades financeiras e de seguros", O. "Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria", T. "Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico,..." e U. "Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais".

Anexo II

Marco de mostraxe

O marco de mostraxe está constituído polas empresas con actividade principal en Galicia que se atopan nas seccións: B, C, E, G, H, I, J, L, M, N, P, Q, R e S da CNAE-2009 segundo o Directorio de empresas do IGE.

Anexo III: Descrición da poboación e a mostra

Segundo o Directorio de Empresas do IGE de 2016, a poboación de empresas multilocalizadas para as actividades estudadas na enquisa e segundo as variables de estratificación (actividade é emprego) é:

	1-9	10-49	50-99	100~(*)	Total
Industria	165	75	18	37	295
Servizos	2.115	550	113	136	2914
Total	2.280	625	131	173	3.209

A seguinte táboa recolle a distribución da poboación de empresas multilocalizadas polas principais formas xurídicas das mesmas:

Sociedade anónima	34,6%
Sociedade limitada	60,9%
Resto	4,5%
Total	100%

O tamaño da mostra por estratos é:

MOSTRA

	1-9	10-49	50-99	100~(*)	Total
Industria	10	10	10	37	67
Servizos	31	32	10	136	209
Total	41	42	20	173	276

Anexo IV: Cadros de difusión

Enquisa ás empresas multilocalizadas

Galicia. Ano 2016

Miles de euros	Nº de establecementos	Asalariados	Cifra de negocios	Aprovisionamentos	Gastos de persoal	Servizos exteriores	Adq-vent act
Total							
Industria (seccións B, C, E)							
Comercio (sección G)							
Servizos (seccións H, I, J, L, M, N, P, Q, R e S)							

Galicia. Ano 2017

Miles de euros	Nº de establecementos	Asalariados	Cifra de negocios	Aprovisionamentos	Gastos de persoal	Servizos exteriores	Adq-vent act
Total							
Industria (seccións B, C, E)							
Comercio (sección G)							
Servizos (seccións H, I, J, L, M, N, P, Q, R e S)							

Información sobre sedes centrais (fuera de Galicia)

Ano 2016

Miles de euros	Nº de empresas con sede central	Asalariados SC	Gastos de persoal SC	Servizos exteriores SC
Total				
Industria				
Servizos				

Ano 2017

Miles de euros	Nº de empresas con sede central	Asalariados SC	Gastos de persoal SC	Servizos exteriores SC
Total				
Industria				
Servizos				

Cadros de difusión

Enquisa de demanda de investimento en empresas multilocalizadas

Galicia.

<i>Miles de euros</i>	<i>ano 2016</i>	<i>ano 2017</i>
Investimento en activos materiais cuxo destino sexan os establecementos da empresa en Galicia		
Investimento en activos intanxibles cuxo destino sexan os establecementos da empresa en Galicia		

Orixe xeográfica do investimento por adquisición da empresa en Galicia (%)

	Galicia	Resto de España	Resto Mundo	Total
Ano 2016				
Ano 2017				

Previsión de investimento 2019

	+/-	2018(%)
Inmobilizacións materiais		
Inmobilizacións intanxibles		

Anexo V : Cuestionario base

- **Cuestionario a empresas de servicios**
- **Cuestionario a empresas industriais**

ENQUISA A EMPRESAS MULTILocalIZADAS
Servizos. 2016-2017

1. Identificación da empresa

Para consultas o aclaraciones contactar con:

Instituto Galego de Estatística

Teléfono gratuíto: 900 102 104

Fax gratuíto: 900 812 899

c.electrónico: est.empresas.xunta@ige.eu

Modificacións na identificación (Cubrir só os puntos suxeitos a variación)

Nome ou razón social da empresa _____ NIF _____

Domicilio social _____

Código postal _____ Municipio _____ Provincia _____

Teléfono _____ Fax _____

Persoa de contacto a quen dirixirse para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario

Nome _____ SIGNATURA OU SELO DA EMPRESA

Cargo na empresa _____

Teléfono _____ Fax _____

c. electrónico _____

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 do 19 de xullo de ESTADÍSTICA DE GALICIA:

- Ten CARÁCTER OBRIGATORIO (art.º 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración aos que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obriga de colaboración cidadá', obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e que regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo SEGREDO ESTADÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas como ás persoas xurídicas' (art.º 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (art.º 24.3). 'Todas as persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán obriga de manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana as persoas aínda despois de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin se lle comunicarán a ningunha persoa ou entidade' (art.º 26).

2. Actividade da empresa. Ano 2017

Se se produciu un cambio de actividade principal entre os anos 2016 e 2017, describaos nas observacións

Actividade principal (Aquela actividade que xera maior valor engadido ou maior cifra de negocios)

CNAE-2009

Actividades secundarias

CNAE-2009

CNAE-2009

3. Número de establecementos da empresa

	2016	2017
Galicia		
Resto de España		

4. Emprego medio anual da empresa

	2016	2017
Persoal asalariado		
Persoal non asalariado (*)		
Total emprego medio anual		

(*) Inclúense neste apartado os autónomos e as axudas familiares

5. Datos económicos da empresa

Para facilitar a cumprimentación figuran pregravados, se están dispoñibles, os datos do total da empresa obtidos do Rexistro Mercantil
Se observa que algún dos datos pregravados é erróneo ou se omitiu, indique o dato correcto na casa correspondente

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS NORMAL Euros

A) OPERACIÓN CONTINUADAS	2016	2017
1. Importe neto da cifra de negocios		
a) Ventas:		
- de produtos		
- de mercadorías		
b) Prestación de servizos (e ingresos financeiros das sociedades holding)		
2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación (*)		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
4. Aprovisionamentos (*)		
a) Consumo de mercadorías (*)		
b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles (*)		
c) Traballos realizados por outras empresas (*)		
d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos (*)		
5. Outros ingresos de explotación		
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		
b) Subvencións á explotación incorporadas ao resultado do exercicio		
6. Gastos de persoal (*)		
a) Soldos, salarios e asimilados (*)		
b) Cargas sociais (*)		
c) Provisións (*)		
7. Outros gastos de explotación (*)		
a) Servizos exteriores (*)		
b) Tributos (*)		
c) Perdas, deterioración e variación de provisións por operacións comerciais (*)		
d) Outros gastos de xestión corrente (e gastos por emisión de gases de efecto invernadoiro) (*)		
8. Amortización do inmovilizado (*)		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		
10. Exceso de provisións		
11. Deterioración e resultado por alienacións do inmovilizado (*)		
a) Deterioracións e perdas (*)		
b) Resultados por alienacións e outras (e deterioro e resultados por enaxenacións do inmovilizado das sociedades holding) (*)		
12. Diferenzas negativas de combinacións de negocios (*)		
13. Outros resultados (*)		
A-1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		

(*) Estas variables poden ter valor negativo

6. Actividade de sede central

Posúe a súa empresa un establecemento separado no que se centralicen as actividades de sede central (actividades xerais de administración, xestión, etc...)? SI NON

Coincide o devandito establecemento con algún dos establecementos en Galicia? SI NON

O enderezo do devandito establecemento coincide co consignado na portada deste cuestionario? SI NON

En caso de que a resposta sexa negativa consigne o enderezo completo do devandito establecemento:

Domicilio social

Código postal

Concello

Provincia

Teléfono

Fax

Emprego medio anual do establecemento sede:

	<u>2016</u>	<u>2017</u>
Persoal asalariado sede	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Persoal non asalariado sede	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Total emprego medio anual establecemento sede	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Datos económicos do establecemento sede: Euros % sobre total empresa

	<u>2016</u>	<u>2017</u>
Gastos de persoal: (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Soldos, salarios e asimilados (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
- Outros gastos sociais (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Servizos exteriores (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Traballos realizados por outras empresas (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Outros gastos correntes (*)	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) Estas variables poden ter valor negativo

7. Agrupación de establecimientos en Galicia e actividade principal

Pode agrupar os establecementos localizados en Galicia segundo a actividade principal realizada en cada un de eles. As seguintes preguntas deberá contestalas atendendo a dita agrupación

Se se produciu un cambio de actividade principal entre os anos 2016 e 2017, describa nas observacións

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Agrupa a información de varios establecementos coa mesma actividade principal? (No caso de resposta positiva indique o número de establecementos que agrupa)	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
Número de establecementos				
Actividade principal (establecemento ou agrupación). Ano 2015		CNAE-2009		CNAE-2009

8. Emprego medio anual dos establecementos en Galicia

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Persoal asalariado				
Persoal non asalariado (*)				
Total emprego medio anual (*): Inclúense neste apartado os autónomos e as axudas familiares				

9. Datos económicos dos establecementos en Galicia

Euros % sobre total empresa

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
1. Importe neto da cifra de negocios				
a) Ventas:				
- de produtos				
- de mercadorías				
b) Prestación de servizos (e ingresos financeiros das sociedades holding)				
2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación (*)				
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo				
4. Aprovisionamentos (*)				
a) Consumo de mercadorías (*)				
b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles (*)				
c) Traballos realizados por outras empresas (*)				
d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos (*)				
5. Outros ingresos de explotación (excepto subvencións á explotación)				
6. Gastos de persoal (*)				
7. Servizos exteriores (*)				

(*): Estas variables poden ter valor negativo

10. Destino xeográfico das vendas dos establecementos en Galicia (Indicar en % sobre o total das vendas)

Nos establecementos con actividade principal hostalaría, restauración,... o destino das vendas non se corresponde co lugar de orixe dos clientes, senón co lugar onde se presta o servizo

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Galicia				
Resto de España				
Resto do mundo				
Total	100%	100%	100%	100%

11. Variacións no activo material e inmaterial durante o exercicio nos establecementos de Galicia

Euros

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Adquisicións, melloras e produción propia; adquisición mediante leasing no exercicio				
Vendas ou cesións de activos no exercicio				

Observacións

ENQUIA A EMPRESAS MULTILocalIZADAS

Industria. 2016-2017

1. Identificación da empresa

Para consultas o aclaraciones contactar con:

Instituto Galego de Estatística

Teléfono gratuíto: 900 102 104

Fax gratuíto: 900 812 899

c.electrónico: est.empresas.xunta@ige.eu

Modificacións na identificación (Cubrir só os puntos suxeitos a variación)

Nome ou razón social da empresa		<input type="text"/>
		NIF
Domicilio social		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Código postal	Municipio	Provincia
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Teléfono	Fax	

Persoa de contacto a quen dirixirse para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario

<input type="text"/>	SINATURA OU SELO DA EMPRESA
Nome	
<input type="text"/>	
Cargo na empresa	
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono	Fax

c. electrónico

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 do 19 de xullo de ESTADÍSTICA DE GALICIA:

- Ten CARÁCTER OBRIGATORIO (art.º 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración aos que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obriga de colaboración cidadá', obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e que regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo SEGREDO ESTADÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas como ás persoas xurídicas' (art.º 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (art.º 24.3). 'Todas as persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán obriga de manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana as persoas aínda despois de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin se lle comunicarán a ningunha persoa ou entidade' (art.º 26).

2. Actividade da empresa. Ano 2017

Se se produciu un cambio de actividade principal entre os anos 2016 e 2017, describaos nas observacións

Actividade principal (Aquela actividade que xera maior valor engadido ou maior cifra de negocios)

CNAE-2009

Actividades secundarias

CNAE-2009

CNAE-2009

3. Número de establecementos da empresa

	2016	2017
Galicia		
Resto de España		

4. Emprego medio anual da empresa

	2016	2017
Persoal asalariado		
Persoal non asalariado (*)		
Total emprego medio anual		

(*) Inclúense neste apartado os autónomos e as axudas familiares

5. Datos económicos da empresa

Para facilitar a cumprimentación figuran pregravados, se están dispoñibles, os datos do total da empresa obtidos do Rexistro Mercantil
Se observa que algún dos datos pregravados é erróneo ou se omitiu, indique o dato correcto na casa correspondente

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS NORMAL Euros

A) OPERACIÓN CONTINUADAS	2016	2017
1. Importe neto da cifra de negocios		
a) Ventas:		
- de produtos		
- de mercadorías		
b) Prestación de servizos (e ingresos financeiros das sociedades holding)		
2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación (*)		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
4. Aprovisionamentos (*)		
a) Consumo de mercadorías (*)		
b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles (*)		
c) Traballos realizados por outras empresas (*)		
d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos (*)		
5. Outros ingresos de explotación		
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		
b) Subvencións á explotación incorporadas ao resultado do exercicio		
6. Gastos de persoal (*)		
a) Soldos, salarios e asimilados (*)		
b) Cargas sociais (*)		
c) Provisións (*)		
7. Outros gastos de explotación (*)		
a) Servizos exteriores (*)		
b) Tributos (*)		
c) Perdas, deterioración e variación de provisións por operacións comerciais (*)		
d) Outros gastos de xestión corrente (e gastos por emisión de gases de efecto invernadoiro) (*)		
8. Amortización do inmovilizado (*)		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		
10. Exceso de provisións		
11. Deterioración e resultado por alienacións do inmovilizado (*)		
a) Deterioracións e perdas (*)		
b) Resultados por alienacións e outras (e deterioro e resultados por enaxenacións do inmovilizado das sociedades holding) (*)		
12. Diferenzas negativas de combinacións de negocios (*)		
13. Outros resultados (*)		
A-1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		

(*) Estas variables poden ter valor negativo

6. Actividade de sede central

Posúe a súa empresa un establecemento separado no que se centralicen as actividades de sede central (actividades xerais de administración, xestión, etc...)?

SI NON

Coincide o devandito establecemento con algún dos establecementos en Galicia?

SI NON

O enderezo do devandito establecemento coincide co consignado na portada deste cuestionario?

SI NON

En caso de que a resposta sexa negativa consigne o enderezo completo do devandito establecemento:

Domicilio social

Código postal

Concello

Provincia

Teléfono

Fax

Emprego medio anual do establecemento sede:

2016

2017

Persoal asalariado sede

Persoal non asalariado sede

Total emprego medio anual establecemento sede

Datos económicos do establecemento sede:

Euros % sobre total empresa

2016

2017

Gastos de persoal: (*)

- Soldos, salarios e asimilados (*)

- Outros gastos sociais (*)

Servizos exteriores (*)

Traballos realizados por outras empresas (*)

Outros gastos correntes (*)

(*) Estas variables poden ter valor negativo

7. Agrupación de establecimientos en Galicia e actividade principal

Pode agrupar os establecementos localizados en Galicia segundo a actividade principal realizada en cada un de eles. As seguintes preguntas deberá contestalas atendendo a dita agrupación

Se se produciu un cambio de actividade principal entre os anos 2016 e 2017, describa nas observacións

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Agrupa a información de varios establecementos coa mesma actividade principal? (No caso de resposta positiva indique o número de establecementos que agrupa)	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
Número de establecementos				
Actividade principal (establecemento ou agrupación). Ano 2015	CNAE-2009		CNAE-2009	

8. Emprego medio anual dos establecementos en Galicia

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Persoal asalariado				
Persoal non asalariado (*)				
Total emprego medio anual (* Inclúense neste apartado os autónomos e as axudas familiares)				

9. Datos económicos dos establecementos en Galicia

Euros % sobre total empresa

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
1. Importe neto da cifra de negocios				
a) Ventas:				
- de produtos				
- de mercadorías				
b) Prestación de servizos (e ingresos financeiros das sociedades holding)				
2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación (*)				
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo				
4. Aprovisionamentos (*)				
a) Consumo de mercadorías (*)				
b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles (*)				
c) Traballos realizados por outras empresas (*)				
d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos (*)				
5. Outros ingresos de explotación (excepto subvencións á explotación)				
6. Gastos de persoal (*)				
7. Servizos exteriores (*)				

(* Estas variables poden ter valor negativo)

10. Destino xeográfico das vendas dos establecementos en Galicia (Indicar en % sobre o total das vendas)

Nos establecementos con actividade principal hostalaría, restauración,... o destino das vendas non se corresponde co lugar de orixe dos clientes, senón co lugar onde se presta o servizo

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Galicia				
Resto de España				
Resto do mundo				
Total	100%	100%	100%	100%

11. Variacións no activo material e inmaterial durante o exercicio nos establecementos de Galicia

Euros

	Establecemento 1		Establecemento 2	
	2016	2017	2016	2017
Adquisicións, melloras e produción propia; adquisición mediante leasing no exercicio				
Vendas ou cesións de activos no exercicio				

Observacións

Anexo VI : Cuestionario módulo investimento

Enquisa de demanda de investimento

Datos da empresa da que se solicitan os datos:

NIF/CIF: _____ Razón social: _____ Nº traballadores en Galicia: _____
 Grupo CNAE-2009: _____
 Enderezo da empresa: _____ C.P.: _____ Concello: _____ Provincia: _____
 Persoa de contacto: _____ Teléfono de contacto: _____
 Correo electrónico: _____ Fax de contacto: _____
 Enderezo de envío: _____ C.P.: _____ Concello: _____ Provincia: _____

¿Desexa corrixir algún dato? Por favor, fágao nos recadros seguintes:

NIF/CIF: Razón social: Nº traballadores:
 Descrición da actividade:
 Enderezo da empresa:
 Tipo de vía: Nome da vía: Número: Piso:
 C.P.: Concello: Provincia:
 Persoa de contacto: Tf.:
 Correo electrónico: Fax.:
 Enderezo de envío:
 Tipo de vía: Nome da vía: Número: Piso:
 C.P.: Concello: Provincia:

1. Investimento en activos materiais cuxo destino sexan os establecementos da empresa en Galicia nos anos 2016 e 2017. Distinguindo entre adquisicións e traballos realizados pola propia empresa. Incluir as inmovilizacións materiais en curso

(Entre paréntese, as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

	Adquisicións		€	Propia empresa		€
	2016	2017		2016	2017	
Terreos, bens naturais e construcións (210+211+230+231)			€			€
Instalacións técnicas (212+232)			€			€
Maquinaria e ferramenta (213+214+233)			€			€
Equipos para proceso de información (217+237)			€			€
Elementos de transporte (218)			€			€
Outros activos materiais (215+216+219+239)			€			€
Investimentos inmobiliarios (220+221)			€			€

2. Investimento en activos intanxibles cuxo destino sexa os establecementos da empresa en Galicia nos anos 2016 e 2017. Distinguindo entre adquisicións e traballos realizados pola propia empresa. Aqueles investimentos que só poidan ser atribuídos ao global da empresa recóllense na pregunta 5.

(Entre paréntese aparecen as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

	Adquisicións		€	Propia empresa		€
	2016	2017		2016	2017	
Investigación (200)			€			€
Desenvolvemento (201)			€			€
Aplicacións informáticas (206)			€			€
Propiedade industrial (203)			€			€
Outros activos intanxibles (202+204+205+209)			€			€

3. Investimento en activos intanxibles só atribuíbles ao global da empresa nos anos 2016 e 2017, distinguindo entre adquisicións e traballos realizados pola propia empresa. Só para empresas con establecementos noutra Comunidade Autónoma ademais de Galicia.

(Entre paréntese aparecen as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

	Adquisicións		€	Propia empresa		€
	2016	2017		2016	2017	
Investigación (200)			€			€
Desenvolvemento (201)			€			€
Aplicacións informáticas (206)			€			€
Propiedade industrial (203)			€			€
Outros activos intanxibles (202+204+205+209)			€			€

4. Orixe xeográfica do investimento por adquisición da empresa en Galicia no exercicio 2017

(Entre paréntese aparecen as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

	Inmobiliacións materiais (21+23)		Inmobiliacións intanxibles (20)	
		%		%
Galicia		%		%
Resto de España		%		%
Resto do Mundo		%		%
Total	100,00	%	100,00	%

**5. Previsión de investimento da empresa en Galicia no exercicio 2019
Realizou algún investimento no 2018?**

Si

Non (Pasa á pregunta 6)

Os investimentos inclúen as adquisicións e os traballos realizados pola propia empresa. Porcentaxe de variación respecto ao ano 2018.

(Entre paréntese aparecen as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

	+/-	2019	%
Inmobiliacións materiais (21+23)			%
Inmobiliacións intanxibles (20)			%

6. Se a súa empresa non investiu no ano 2018 e si espera facelo no 2019 indique a cuantía estimada en valor absoluto

	2019	
Inmobilizacións materiais (21+23)	€	
Inmobilizacións intanxibles (20)	€	

7. Que factores influíron no investimento da empresa en Galicia no exercicio 2019?

A evolución da demanda galega	<input type="checkbox"/>
A evolución da demanda nacional	<input type="checkbox"/>
A evolución das exportacións	<input type="checkbox"/>
A falta de solo industrial	<input type="checkbox"/>
As dificultades para financiarse	<input type="checkbox"/>
A carencia de man de obra cualificada	<input type="checkbox"/>
Trabas administrativas, lexislación,...	<input type="checkbox"/>
Outros: _____	<input type="checkbox"/>

8. Observacións

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 do 19 de xullo de ESTATÍSTICA DE GALICIA:

- Ten CARÁCTER OBRIGATORIO (art.º 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración aos que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obriga de colaboración cidadá', obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e que regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo SEGREDO ESTATÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico os datos estatísticos que, en virtude das funcións atribuídas (art.º 24.1) ao Estado, inclúen informacións estatísticas'.